



## ACTA DA DECIMOSEXTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

### ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

#### **POLA XUNTA DE GALICIA:**

Tomás Fernández-Couto Juanas - Director Xeral de Defensa do Monte  
Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta - Subdirector Xeral de Prevención  
Lourdes Vilachán Angueira - Subdirectora Xeral de Coordinación Administrativa

#### **POLA FEGAMP:**

Alfonso Villares Bermúdez - Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Eduardo Ramonde Rodríguez - Secretario da Fegamp

#### **POR SEAGA:**

Pablo Arbones Maciñeira - Director xerente de Seaga  
Antón Barral Álvarez - Licenciado en Dereito Seaga

Sendo as 12.00 horas do día 2 de novembro de 2020, reúnese por vía telemática a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte

### **ORDE DO DÍA**

**I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 17 de setembro de 2020**

**II.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio:**

CÓD. PROV	CONCELLO
15	PONTEDEUME
32	ALLARIZ

**III.- Aprobación do novo modelo de contrato de xestión da biomasa a asinar con Seaga nas parroquias priorizadas, que incluíra a advertencia de que como consecuencia das modificacións que poidan darse na delimitación das faixas secundarias debida á incorporación da delimitación arredor das vivendas illadas e outras circunstancias, a superficie afectada das fincas obxecto dos contratos pode verse modificada.**

**IV.- Presentación e aprobación da solicitude de iniciativa veciñal formulada polo concello de Lobios**

**V.- Presentación e aprobación das actuacións derivadas das exixencias establecidas no Plan de prevención de incendios forestais en vigor (PLADIGA) para o ano 2020, tal e como recolleu a addenda 4ª ao convenio.**





## VI.- Rogos e preguntas.

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

### I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 17 DE SETEMBRO DE 2020

Unha vez revisadas as actas pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, e realizadas as modificacións oportunas, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, polo Presidente e a Secretaria da Comisión, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión

### II.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

<b>Concellos A Coruña (1)</b>
PONTEDEUME
<b>Concellos Ourense (1)</b>
ALLARIZ

Admítense as solicitudes de adhesión deste Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

### III.- APROBACIÓN DO NOVO MODELO DE CONTRATO DE XESTIÓN DA BIOMASA A ASINAR CON SEAGA NAS PARROQUIAS PRIORIZADAS, QUE INCLUIRÁ A ADVERTENCIA DE QUE COMO CONSECUENCIA DAS MODIFICACIÓNS QUE POIDAN DARSE NA DELIMITACIÓN DAS FAIXAS SECUNDARIAS DEBIDA Á INCORPORACIÓN DA DELIMITACIÓN ARREDOR DAS VIVENDAS ILLADAS E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS, A SUPERFICIE AFECTADA DAS FINCAS OBXECTO DOS CONTRATOS PODE VERSE MODIFICADA.

Coméntase neste punto a necesidade de aclarar nos contratos que cando son aprobadas as faixas de outros concellos ou as faixas das vivendas illadas dos propios concellos poden aparecer novas afeccións de parcelas ou afectar a afección a unha superficie maior.

Ao cambiar a superficie de afección cambia o importe resultante de aplicar á tarifa do Convenio (350 € por hectárea) a superficie afectada por faixa secundaria.





Proponse engadir ao modelo de contrato o seguinte texto:

3.- Esta tarifa poderá verse modificada como consecuencia de posibles cambios no planeamento municipal que poidan afectar á delimitación das faixas secundarias e/ou a superficie afectada das fincas obxecto dos contratos.

Acórdase introducir esa modificación no modelo de contrato do manual de procedemento (Anexo XI) e actualizar o modelo na aplicación Xesbio2

#### **IV.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE INICIATIVA VECIÑAL FORMULADA POLO CONCELLO DE LOBIOS**

Ata o momento unicamente presentouse unha solicitude de iniciativa veciñal das 25 que estaban previstas como límite para esta anualidade segundo a 3ª addenda do convenio. Esta iniciativa solicita material para colaborar na limpeza e adecuación das faixas secundarias e axuda para a organización de actividades de concienciación da necesidade dunha correcta xestión nas faixas secundarias.

Logo da valoración por parte da comisión da iniciativa presentada procédese a:

1º Aprobar a iniciativa presentada condicionada á presentación completa da documentación exixida pola 3ª addenda a ao cumprimento dos seus requisitos.

2º Solicitar a Seaga que contacte co Concello de Lobios para requirir esa documentación.

3º A Fegamp recomenda darlle publicidade á dita iniciativa para que outros concellos poidan solicitar iniciativas similares.

#### **V.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DAS EXIXENCIAS ESTABLECIDAS NO PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN VIGOR (PLADIGA) PARA O ANO 2020, TAL E COMO RECOLLEU A ADDENDA 4ª AO CONVENIO.**

Sométese a debate e a votación a proposta que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DAS EXIXENCIAS ESTABLECIDAS NO PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS EN VIGOR (PLADIGA) PARA O ANO 2020, TAL E COMO RECOLLEU A ADDENDA 4ª AO CONVENIO”

Tal como establece a 4ª addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema de xestión da biomasa nas faixas secundarias, O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2020) aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 29 de maio de 2020 incorpora como novidade a implementación dun completo e detallado Plan de prevención para actuar nunhas 46.000 hectáreas, en case 5.800 quilómetros





de pistas e estradas, o mantemento de máis de 3.200 puntos de auga xa existentes e a construción de 121 novos puntos.

A través de esta planificación preventiva recóllense, sobre todo, accións sobre o territorio que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e intervencións de mellora da xestión forestal e das súas producións para incrementar o valor do monte e defender as vivendas fronte ao lume.

Atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais, a administración autonómica poderá reservar unha contía de ata 2.000.000 euros anuais da súa achega ao convenio para actuacións derivadas das exixencias establecidas no plan de prevención de incendios forestais en vigor (PLADIGA), execucións subsidiarias en faixas primarias, cumprimento de normativa de distancias ou reacción fronte a plantacións ilegais, así como para a implementación do resto do planeamento distinto dos plans municipais que establece a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Presentada ante a comisión de seguimento a relación de actuacións previstas con cargo á contía reservada á administración autonómica no informe " *Resumo dos traballos. Plan de prevención de incendios 2020.*" de data 02.11.2020, para a súa valoración e aprobación

#### Á VISTA DE:

- O nivel de execución orzamentaria do Convenio na anualidade 2020, que na data da presente xuntanza da Comisión de seguimento non acadou o 60 % do crédito inicial na aplicación orzamentaria 14.02.551B.741.14 proxecto 2011 00771.
- A contía reservada atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais da administración autonómica
- O devandito informe "Resumo dos traballos. Plan de prevención de incendios 2020." de data 02.11.2020

#### ADÓPTASE POLA COMISIÓN O SEGUINTE ACORDO:

1º Apróbbase a partida desglosada no informe para accións de xestión de biomasa (traballos preventivos de xestión de biomasa) por un importe de 906.185,10 €.

2º Apróbbase a partida desglosada no informe para accións correctoras (traballos preventivos de control de erosión) por un importe de 591.991,04 €.

3º Apróbanse as partidas incluídas no informe por unha suma total de 1.498.176,14 €, polo que quedan reservadas e pendentes de asignación 501.823,86 € para acadar o máximo establecido de 2.000.000,00 €

4º Apróbbase abrir un prazo de 15 días para a realización de consultas aos concellos adheridos, sen prexuízo de que se poidan incorporar á relación de actuacións outras a maiores das que a administración autonómica xa presentou. Rematado ese prazo,





informarase das previsións de actuacións e do seu orzamento á Comisión de seguimento, para a súa valoración e aprobación.

5º Apróbase convocar unha xuntanza da Comisión de seguimento, vencido o prazo de 15 días recollido no punto anterior, para estudar as actuacións presentadas polos concellos e outras partidas para actuacións preventivas ou correctoras a incluír na cantidade reservada á administración autonómica que poida presentar a Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

## **VI.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Termina a reunión sen rogos e preguntas

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 13:20 horas da data sinalada no encabezamento.

